

# O OLOR A LEITE QUEIMADO

Justine Bauer, 2025

1823

ESTREA EN NUMAX: 07.09.2026 | V.O.S.E. | +12 | 78 min

O leite leva xa tempo sendo un produto pouco rendible. A agricultura en xeral está a pasar por dificultades e cada vez son máis as explotacións que se ven obrigadas a pechar. Porén, Katinka aférrase ao negocio familiar, está a formarse en agricultura e busca o seu futuro nun lugar onde aínda se recorde como eran as cousas antes.



## Bauer compón un alegato sobre a devoción ao campo

Por Elena del Olmo Andrade

Os créditos d’*O olor a leite queimado*, a ópera prima na dirección da alemá Justine Bauer, recollen unha multitude rechamante de nomes co apelido da cineasta. Un primeiro traballo, erguido por un proceso colaborativo na creación fílmica e presentado como película de fin de carreira universitaria, que conxuga un retrato case documental da infancia bucólica da árbore xenealóxica Bauer.

Os espazos da granxa familiar son habitados por Katinka, a moza que desempeña as súas tarefas e atende das necesidades dos animais co bañador verde aínda húmido baixo a roupa seca tras expresar o seu temor de non ser quen de herdar as terras da súa nai. O resto da súa familia, e en particular a súa nai e a súa irmá Anna, habitan o plano como elementos sincrónicos, en secuencias que reflicten o vínculo de sangue que une as tres e que se traduce no piar que sostén o labor da vida na granxa.

As tres mulleres agricultoras ordeñan as vacas e observan os campos de cultivo con movementos corporais sincronizados, acentuados por unha composición do plano próximo á simetría. As dúas fillas sitúanse como herdeiras, aprendices e espellos do labor agreste e as circunstancias da súa proxenitora: “*O que fai a túa nai, lévalo dentro*“, afirma Katinka, mentres traballa o terreo ao volante dun tractor e conversa coa súa irmá sobre o futuro.

Bauer compón un alegato sobre a devoción ao campo e o recollemento do legado apoiándose en vivencias propias, mentres apela á distancia coa vida urbanita, que atenta contra a dignidade do campo como unha forza onnipotente. O campo, espazo familiar que se desdobra en espazos de coidado, protección e consolo, abraza a Katinka e a súa familia, tras atopar o pai da familia pendurado dunha árbore. As mulleres agricultoras refúxianse e destinan os seus coidados ao vínculo coa terra mentres, calmas, rematan de segar o campo antes de recoller o corpo e darlle repouso nas súas terras.

Publicado en Caimán. Cuadernos de Cine nº213 (Setembro de 2026)